



## ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.* (DOG do 18 de setembro de 2024), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE MESTRES/AS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 mestres/as**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar. Os outros 2 representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.
2. O censo electoral de mestres/as está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de mestres/as do Centro.
3. As candidaturas correspondentes pódense presentar a partir do día 28 de outubro ata as 14:00 horas do día 8 de novembro.
4. A mesa electoral estará formada polo Directora do Centro, que actuará como presidenta, e os/as mestres/as de maior e menor idade, actuando este/a último/a de secretario/a.
5. Cada docente fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **dous nomes** da lista de candidatos/as.
6. O voto será directo, secreto e non delegable.



7. Para dar cumprimento ao artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento da elección de representantes dos profesores/as no Consello Escolar, así coma tamén á fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convócase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o día **11 de novembro, ás 17:30 horas**.
8. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Escarabote, 28 de outubro de 2024

A DIRECTORA DO CENTRO E PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Eva Fernández Parada

